

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 17 XULLO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de xullo de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 10 de Xullo do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIONS URBANISTICAS.-

Vista a solicitude de dona **Mercedes López Míguez**, con domicilio en Francelos, no que interesa solicitude de cambio de uso dun inmovible sito na estrada de Filgueira (Ref.. Catastral 01.15.6-49 e 50), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 14.07.06, que literalmente di:

1. ” O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle Francelos Travesía, aprobado no pleno de 2 de novembro de 1993.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes. En lo sucesivo LOUGA.

2. Na parcela con Ref. C. 00.15.49 e 50 existen varias construcións Fora de Ordenación, según tipifica o Art. 103 da LOUGA.

3. O planeamiento urbanístico anterior non axustado á LOUGA, establece na súa clasificación do solo:
 - a. Urbano, regulado por a Ordenanza UMA-III, 14.2
 - b. Urbano, regulado por a Ordenanza UMB-II. Sen que esta ordenanza teña regulado en forma precisa o seu acceso a través da de Grado A.
 - c. Ambas ordenanzas requirirán da súa correspondente harmonización en supeditación á LOUGA.
4. O parcelario actual difere notablemente respecto ás alineacións establecidas, o que requirirá dun expediente de reversión, coa súa correspondente modificación de rasantes, así como resolver de forma xeral o aproveitamento que se establece na ordenanza UMB-II, de forma pormenorizada e compatible, non contemplando o planeamiento actual este detalle de planificación que considero necesario, ao igual que a adaptación á legislación urbanística vixente. LOUGA.
 - a. Consecuentemente, é un Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano Non Consolidado, por as razóns expostas.
5. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orden Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RE nº 1187.
6. Axúntase co presente informe:
 - a. Plano E.D. , E 1: 500
 - b. Plano Catastral.
 - c. Ordenanzas UMA e UMB”

Vista a solicitude de dona **Mercedes López Míguez**, con domicilio en Francelos, no que interesa solicitude de cambio de uso dun inmovible sito no Camiño Lucia, Subida Escola de Párvulos, Francelos, (Ref.. Catastral 95.12.9-01), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 14.07.06, que literalmente di:

1. ” A parcela que se representa sobre copia dun plano da cartografía oficial das NNSSM e que se axunta ao escrito de solicitude de Condicións Urbanísticas atópase situada en solo urbano, dentro da figura de desenvolvemento, PERI de Francelos.
 - 1.1 Dita parcela non se corresponde con parcelario catastral, correspondendo a súa ubicación a parte da parcela con Referencia Catastral 95.12.9-01.

1.2 Calquera parcelación terase que axustar ao planeamento urbanístico previsto.

1.3 Sobre a parcela 95.12.9-01. existen varias construcións fora de ordenación según establece o Art. 103. da LOUGA.

2. A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, supeditando a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. modificada por la Lei 15/2004, de 29 de decembro.

As NNSSM, sinalan no punto 4.10.2 da NORMATIVA URBANÍSTICA II PRESCRIPCIÓN DE ORDENACIÓN ESPECÍFICAS.

Sínálase para Francelos como figura de desenvolvemento un PERI como estudio diferenciado.

O seu ámbito territorial sínálase no plano correspondente das NNSSM.

A Ordenanza CU, CONXUNTO URBANO EN CONSERVACIÓN PARCIAL DE CARÁCTER 4.8. A súa consideración será á efectos de fixar criterio do propio elemento de desenvolvemento (PERI) sen dispoñer en forma precisa, de alienacións, rasantes, aproveitamentos, pormenores estéticos por área etc. condicións que corresponderán á figura do PERI, tramitado en forma regulamentaria.

No propio expediente constarán as razóns e situación administrativa do PERI.

Deberase establecer o procedemento e rexime xurídico aplicable, salvo mellor criterio.

3. O “Carácter” aplicable deberá ser na tipoloxía correspondente á edificación illada en condicións particulares que sinala a Ordenanza C.U. Categoría B, supeditado ás disposicións xerais que se concretan nas “Normas de Aplicación Directa”. Art. 104 e seguintes da LOUGA.

3.1 Sobre o terreo ou parcela sinalada por a solicitante, é coincidente coa traza dun vial proposto nos traballos de planificación do PERI de Francelos.

4. Axúntase co presente informe:

4.1 Plano NNSSM, E 1:2.000.

4.2 Plano Catastral.

4.3 Memoria e Ordenanza CU Categoría B, previstas no PERI de Francelos.

4.4 . Plano E 1: 1.000, Unidad de Execución UE-1.

4.5 Plano proposta de alineación. PERI, E 1: 500.”

Vista a solicitude de dona **Mercedes López Míguez**, con domicilio en Francelos, no que interesa solicitude de cambio de uso dun inmovible sito na estrada de Filgueira (Ref.. Catastral 01.15.8-02), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 14.07.06, que literalmente di:

1. ” O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle Francelos Travesía, aprobado no pleno de 2 de novembro de 1993.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

2. A parcela con Referencia Catastral 01.15.8-02, corresponde a Solo Urbano, regulado por o E.D. Travesía de Francelos, Ordenanza UMA-III.
 - a. Esta parcela da fronte a dous viais, sendo o vial posterior de nova creación e a súa traza corresponde con fincas de titularidade privada e usadas actualmente como viñas, por o que deberá xestionarse e construírse según a categoría de solo correspondente.
 - b. A área onde se encontra encravada a parcela, corresponde a Solo Urbano, cunha malla de viais que se establecen na Cartografía Oficial e que non coinciden coa realidade física actual.
 - c. Consecuentemente, é un Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano Non Consolidado, sendo de aplicación o rexime correspondente regulado por os Art. 18-b), Art. 20 e concorrentes da L.O.U.G.A.
3. O planeamiento actual non foi adaptado á actual Lei L.O.U.G.A. no seu prazo establecido.
4. Estarase ao que determina a D.T. Primeira e Segunda da L.O.U.G.A, así como a Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo, de data 14 de marzo de 2006, RE Nº 1187.
5. Axúntase co presente informe:
 - a. Cartografía Catastral.
 - b. Cartografía E.D., E 1: 500, Alineacións, rasantes e ordenación.
 - c. Ordenanza de aplicación, UMA-III.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Fundación Caixa Galicia para o programa denominado “As nosas Músicas 2006”.

-“Da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, Resolución de data 6 de xullo pasado, concedendo subvencións para o desenvolvemento local (Programa de Captación de proxectos de inversións xeradoras de emprego), por importe de 12.020,24 euros.”.

-“Da Dirección Xeral de Acción Social, Resolución de data 10 de xullo, concedendo subvención para persoal de atención primaria (Asistente Social) e Axuda a domicilio, por importe de 43.917,86 euros.”

-“Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ribadavia para a participación na prevención de incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención” (2º Convenio).”

-“Da Dirección Xeral de Administración Local, Resolución do 10 de xullo pasado, concedendo unha subvención o abeiro da Orde do 13 de febreiro de 2006 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamentos das sedes das entidades locais de Galicia, para “Calefacción e Equipamentos da Casa da Cultura”, por importe de 12.000 euros. Asímesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a devandita subvención en todos os seus termos.”

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACION DE CONSULTORIA E ASISTENCIA TECNICA PARA A EXECUCIÓN DA ACCIÓN DE AVALIACIÓN TRANSNACIONAL DENTRO DO PROXECTO COMUNITARIO “AVIA CREA FUTURO”.-

- “Visto o estado procedimental no que se atopa o expediente de contratación de Consultoria e Asistencia Técnica para a execución da acción da avaliación transnacional dentro do proxecto comunitario “Avia Crea Futuro”.

Resultando que durante o prazo hábil aberto a tal fin, presentáronse as seguintes proposicións:

“AQUILINO SOUSA S.L. S.L”
“ECONET S.L..”.

Tralo exame da documentación presentada, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte:

1º.-Rexeitar a proposición presentada por Aquilino Sousa S.L., por non axustarse o establecido na Cláusula VII do Prego, en canto a presentación da documentación administrativa (sobre A) e proposta económica (Sobre B).

2º.-Declarar admitidas as seguintes proposicións presentadas e que son as seguintes:

“ECONET S.L.”.

De seguido procédese a apertura do sobre 2 (Proposición económica) relativo a proposición económica do co seguinte resultado:

PROPOSICION NUM.1 , subscrita por ECONET S.L.. cuia oferta económica e a seguinte: 7.000 euros.

A continuación procedese a valorar a proposición presentada, de acordo cos criterios de valoración que figuran no prego de cláusulas administrativas, e que son as seguintes:

- a) Proposta técnica: 40 puntos.
- b) Equipo técnico: 25 puntos.
- c) Coñecementos de iniciativas comunitarias: 25 puntos.
- d) Coñecemento do territorio: 10 puntos.

Por todo o anterior, e en aplicación dos criterios sinalados anteriormente e relacionados polo orde establecido no prego, resultan as ofertas valoradas do seguinte xeito:

ECONET S.L., que obtén a seguinte puntuación:

- Criterio a): 30 puntos.
- Criterio b): 15 puntos
- Criterio c): 20 puntos.
- Criterio d): 5 puntos

TOTAL: 70 puntos.

Vistas as bases do concurso, en particular a base X, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Declara válido o acto de licitación.

2º.- Adxudicar o concurso para a contratación de Consultoría e Asistencia Técnica para a execución da acción da avaliación transnacional dentro do proxecto comunitario “Avia Crea Futuro”.a empresa **ECONET S.L.**, con domicilio na Avda. Islas Filipinas, 1 bis 3º, 28003, Madrid, por resultar a oferta máis vantaxosa para o Concello, sendo o importe de adxudicación de 7.000 euros e melloras que de adxuntan na oferta presentada pola empresa..

3º.- Comunicar ó adxudicatario que deberá proceder a constitución da garantía definitiva por importe do 4% do prezo de adxudicación no prazo de 15 días naturais seguintes a notificación da adxudicación.

4º.- Comunicar ó adxudicatario, que previa constitución da garantía definitiva, deberá procederse a formalización do contrato no prazo de 30 días naturais seguintes a notificación da adxudicación.

5º.- Proceder a publicación do acordo de adxudicación no BOP de conformidade co disposto no artigo 93 do RD Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

6º.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario, así como os licitadores non adxudicatarios aos que se lle deberá devolver a garantía provisional constituída ao efecto.”

ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACION DE CONSULTORIA E ASISTENCIA TECNICA PARA A EXECUCIÓN DA ACCIÓN DE AVALIACIÓN NACIONAL DENTRO DO PROXECTO COMUNITARIO “AVIA CREA FUTURO”.-

“Visto o estado procedimental no que se atopa o expediente de contratación de Consultoria e Asistencia Técnica para a execución da acción da avaliación nacional dentro do proxecto comunitario “Avia Crea Futuro”.

Resultando que durante o prazo hábil aberto a tal fin, presentáronse as seguintes proposicións:

“AQUILINO SOUSA S.L. S.L”
“ECONET S.L.”.

Tralo exame da documentación presentada, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte:

1º.-Rexeitar a proposición presentada por Aquilino Sousa S.L., por non axustarse o establecido na Cláusula VII do Prego, en canto a presentación da documentación administrativa (sobre A) e proposta económica (Sobre B).

2º.-Declarar admitidas as seguintes proposicións presentadas e que son as seguintes:

“ECONET S.L.”.

De seguido procédese a apertura do sobre 2 (Proposición económica) relativo a proposición económica do co seguinte resultado:

PROPOSICION NUM.1 , subscrita por ECONET S.L.. cuia oferta económica e a seguinte: 7.000 euros.

A continuación procedese a valorar a proposición presentada, de acordo cos criterios de valoración que figuran no prego de cláusulas administrativas, e que son as seguintes:

a) Proposta técnica: 40 puntos.

- b) Equipo técnico: 25 puntos.
- c) Coñecementos de iniciativas comunitarias: 25 puntos.
- d) Coñecemento do territorio: 10 puntos.

Por todo o anterior, e en aplicación dos criterios sinalados anteriormente e relacionados polo orde establecido no prego, resultan as ofertas valoradas do seguinte xeito:

ECONET S.L., que obtén a seguinte puntuación:

- Criterio a): 30 puntos.
- Criterio b): 15 puntos
- Criterio c): 20 puntos.
- Criterio d): 5 puntos

TOTAL: 70 puntos.

Vistas as bases do concurso, en particular a base X, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Declara válido o acto de licitación.

2º.- Adxudicar o concurso para a contratación de Consultoría e Asistencia Técnica para a execución da acción da avaliación nacional dentro do proxecto comunitario “Avia Crea Futuro”.a empresa **ECONET S.L.**, con domicilio na Avda. Islas Filipinas, 1 bis 3º, 28003, Madrid, por resultar a oferta máis vantaxosa para o Concello, sendo o importe de adxudicación de 13.000 euros e melloras que de adxuntan na oferta presentada pola empresa..

3º.- Comunicar ó adxudicatario que deberá proceder a constitución da garantía definitiva por importe do 4% do prezo de adxudicación no prazo de 15 días naturais seguintes a notificación da adxudicación.

4º.- Comunicar ó adxudicatario, que previa constitución da garantía definitiva, deberá procederse a formalización do contrato no prazo de 30 días naturais seguintes a notificación da adxudicación.

5º.- Proceder a publicación do acordo de adxudicación no BOP de conformidade co disposto no artigo 93 do RD Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

6º.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario, así como os licitadores non adxudicatarios aos que se lle deberá devolver a garantía provisional constituída ao efecto.”

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2006

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar os contratos de espectáculos teatrais coas compañías seguintes, así como os gastos que os mesmos implican, segundo o teor literal que se acha nos respectivos expedientes:TEATRO

DO MORCEGO (Galicia), día 15 de Xullo; FANUDITO (Cataluña), día 17 de xullo; TEATRO BRUTO (Galicia), día 17 de Xullo; LA CASA INCIERTA (Madrid), día 18 de xullo; LEO BASSI (Italia), día 18 de xullo; TITERES VIRAVOLTA (Galicia), días 18 e 23 de xullo; CACHIVACHE (Madrid), día 19 de xullo; LA INVENCIO (Cataluña), días 19 e 20 de xullo; TEATRO DO ATLANTICO (Galicia), día 19 de xullo; TEATRO PARAISO (Euskadi), día 20 de xullo; MICOMICON (Madrid), día 20 de xullo; CACHIVACHE (Madrid), día 20 de xullo; LA GALERA ENCANTADA (Arxentina), día 21 de xullo; A ULTIMA RATA-LUD (Galicia), día 21 e 22 de xullo; G.A.A.L.L. (Francia), día 22 de xullo; K-PRODUCCIONES (Madrid) día 22 de xullo; SE TE VA LA OLLA (Cataluña), día 23 de xullo; LAGARTA LAGARTA, día 23 de xullo; CHARO LOPEZ, día 24 de Xullo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o presuposto de luz e son para a Edición XXII da Mostra Internacional de Teatro presentando pola empresa Armar Iluminación e Sonido S.L., por importe de 17.052 euros.

CONCESION DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a subvención a Asociación de Mulleres Rurais do Ribeiro, relativa a elaboración da alfombra floral para a procesión da Virxe do Portal 2005, por importe de 600 euros.

ADXUDICACION DO CONCURSO PARA CONTRATACION DE SERVICIOS DEPORTIVOS DURANTE 2006/07 NAS ACTIVIDADES FISICO E DEPORTIVO RECREATIVAS DE XIMNASIA RITMICA, AEROBIC/FITNESS E ACTIVIDADES POLIDEPORTIVAS.-

Aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 5 de Xuño pasado o Prego de Condicións para a prestación de servicios deportivos durante 2006/07 nas actividades físico deportivo recreativas de Ximnasia Rítmica, Aerobic/fitness e Actividades Polideportivas; unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 142 de 22 de Xuño de 2006 e transcorrido o prazo para a presentación de proposicións, a Xunta Local de Goberno, por unanimidade, vista a Acta de apertura de plicas, examinadas todas e cada unha delas así como tamén a documentación que se achega ás mesmas e, visto o informe do Director do Servicio Municipal de Deporte, acordou o seguinte:

- 1.- Declarar válido o acto de licitación.-
- 2.- Adxudica-lo concurso definitivamente para a contratación dos servicios deportivos durante 2006/07 nas actividades físico e deportivo recreativas de: Ximnasia Rítmica, **CLUB XIMNASIA PABELLON OURENSE**, con domicilio na rúa Pardo de Cela nº 2, Ourense, por importe de 25 euros/hora, impostos incluídos; Aerobic o **XIMNASIO AERO GYM SPORT CAÑIZA**, con domicilio na rúa Sifon, A Cañiza, Pontevedra, por importe de 9 euros/hora (Actividade establecida por xornada), impostos incluídos.-

Na súa consecuencia, aa Xunta de Goberno Local, dispón que se lle notifique os interesados esta decisión citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo, no prazo de sete días, contado a partir da data da notificación.

3.- Deixar deserto o concurso para as Actividades Polideportivas (Fútbol Sala, Balonman e Baloncesto), por non axustarse a documentación presentada o prego de Condicións para a contratación de dito servizo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a convocatoria e bases para a contratación de persoal laboral temporal, Programa Equal "Avia Crea Futuro" e Interreg III A (Enoturismo), que de seguido transcríbese:

"BASES PARA A CONTRATACION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PROGRAMA EQUAL AVIA CREA FUTURO E INTERREG III A (ENOTURISMO)".-

1.- OBXECTO.-

E a regulación do trámite de contratación de persoal temporal deste Concello do seguinte posto:

A) TECNICO LOCAL DE EMPREGO.-

PRIMEIRO.- Denominación do Posto: Técnico Local de Emprego do programa Comunitario Interreg III A (Enoturismo). Especialidade: Desenvolvemento Turístico.

SEGUNDO.- Número de postos que se convocan: 1.

TERCEIRO.- Clase de Contrato: De obra ou Servicio Determinado a tempo completo.

CUARTO.- Duración do Contrato: Finalización Programa Interreg III A (Enoturismo).

B) ADMINISTRATIVO.-

PRIMEIRO.- Denominación do Posto: Administrativo do programa Comunitario Equal "Avia Crea Futuro".

SEGUNDO.- Número de postos que se convocan: 1.

TERCEIRO.- Clase de Contrato: De obra ou Servicio Determinado a tempo completo.

CUARTO.- Duración do Contrato: Finalización Programa Equal "Avia Crea Futuro".

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar na selección será preciso cumpri-los seguintes requisitos específicos:

1.- Posui-la nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espacio económico europeo, u obستا-lo dereito á libre circulación de traballadores conforme ó Tratado da Unión Europea.

2.- Ter cumpridos 18 anos, salvo que a normativa ou subvención dispoña outra cousa.

3.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvendo das correspondientes funcións.

4.- Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas

5.- Posuí-la titulación esixida par acceder á praza convocada:

A) Técnico Local de Emprego: Licenciatura en Dereito, Económicas ou Empresariais.

B) Administrativo: Bachiller Superior ou F.P. 2 Rama Administrativa.

Os requisitos deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación das instancias e que estean debidamente xustificadas.

3.- SISTEMA DE SELECCION.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso no que se valorarán os méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases as cales serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.

4.- DOCUMENTACION E PRAZO PARA A PRESENTACION DAS SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se adxuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concelo ou remitilas por calqueira dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de sete días naturais, comenzando a computarse dito prazo a partir do días seguinte ó da publicación do anuncio nun diario de difusión provincial, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os extranxeiros.

- Copia cotexada da titulación académica, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan.

- Documentos acreditativos dos periodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.

- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificadas, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

5.- BAREMO DE MERITOS.

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

A) TECNICO LOCAL DE EMPREGO.-

1.- Circunstancias persoais.-

- Por cada ano de residencia neste Concello (acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar): 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada mes acreditado como desempleado/a, por medio do documento acreditativo dos períodos de inscrición como demandante de emprego: 0,02 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada fillo ó seu cargo, menor de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,20 puntos con un máximo de 0,60 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por cada fillo ó seu cargo, maior de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,10 puntos con un máximo de 0,30 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por servicios voluntarios prestados á Comunidade a traves de organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.

2.- Experiencia profesional.-

- Por servicios prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por prácticas profesionais relacionadas coa actividade: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por experiencia profesional en posto similar o ofertado: 1 punto/ano, ata un máximo de 3 puntos.

3.- Formación especializada.-

a) Por cada curso de formación, perfeccionamiento ou xornadas impartidas polas Administracións Públicas, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua e demás centros oficiais, relacionados coas funcións propias da categoría, ata un máximo de 2 puntos, baremado do seguinte modo:

- Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos/curso, ata un máximo de 0,40 puntos

- Cursos de ata 100 horas: 0,15 puntos/curso, ata un máximo de 0,60 puntos

- Cursos de mais de 100 horas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 0,80 puntos

- Por xornadas: 0,05 puntos/xornada, ata un máximo de 0,20 puntos.

Tódolos cursos e xornadas realizados teñen que estar directamente relacionados coas funcións que se desenvolven.

b) Por masters ou cursos de postgrao relacionado co posto a desenvolver (Fondos Comunitarios, Xestión de desenrolo Local, Enoturismo, etc...), ata un máximo de 5 puntos, baremado o seguinte modo:

Masters ou curso de postgrao ata 400 h, 2 puntos.

Masters ou curso de postgrao de máis de 400 h, 3 puntos.

4.- Titulación:

Por titulación para o desempeño do posto:

1. Por titulación académica.

Por Licenciatura diferente das esixidas na convocatoria, valorarase con 2 puntos.

2. Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos
- Curso de especialización: 0,50 puntos

3. Polo recoñecemento acreditado do idioma inglés (titulación recoñecidas oficialmente), valorarase de 0 a 1 punto.

B) ADMINISTRATIVO.-

1.- Circunstancias persoais.-

- Por cada ano de residencia neste Concello (acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar): 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada mes acreditado como desempregado/a, por medio do documento acreditativo dos períodos de inscrición como demandante de emprego: 0,02 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada fillo ó seu cargo, menor de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,20 puntos con un máximo de 0,60 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por cada fillo ó seu cargo, maior de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,10 puntos con un máximo de 0,30 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por servicios voluntarios prestados á Comunidade a traves de organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.

2.- Experiencia profesional.-

- Por servicios prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por prácticas profesionais relacionadas coa actividade: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

3.- Formación especializada.-

Por cada curso de formación, perfeccionamiento ou xornadas impartidas polas Administracións Públicas, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua e demais centros oficiais, relacionados coas funcións propias da categoría, ata un máximo de 2 puntos, baremado do seguinte modo:

- Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos/curso, ata un máximo de 0,40 puntos
- Cursos de ata 100 horas: 0,15 puntos/curso, ata un máximo de 0,60 puntos
- Cursos de mais de 100 horas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 0,80 puntos
- Por xornadas: 0,05 puntos/xornada, ata un máximo de 0,20 puntos.

Tódolos cursos e xornadas realizados teñen que estar directamente relacionados coas funcións que se desenvolven.

4.- Titulación:

Por titulación superior a esixida para o desempeño do posto:

1. Por titulación académica.

Por título académico superior ó esixido, da mesma rama e especialidade, valorarase o grao superior acreditado con 0,50 puntos

2. Por outras titulacións.

Títulos ou certificados profesionais, carnés superiores os esixidos e expedidos por organismos oficiais, pero da mesma rama ou especialidade, valorarase o grao superior acreditado con 0,50 puntos.

3. Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos
- Curso de especialización: 0,50 puntos

6.- PROBAS TEORICAS-PRACTICAS.-

As probas teóricas e/ou prácticas, valoraranse cunha puntuación máxima de 10 puntos (5 por cada proba), as cáles consistirán:

A) TECNICO LOCAL DE EMPREGO.-

1.- Coñecemento do idioma ingles (oral e escrito), valorarase, de 0 a 5 puntos.

2.- Realización dunha entrevista persoal sobre cuestións relacionadas co posto de traballo ofertado, valorarase de 0 a 5 puntos.

B) ADMINISTRATIVO.-

Realización dunha entrevista persoal sobre cuestións relacionadas co posto de traballo ofertado, valorarase de 0 a 2 puntos.

7.- TRIBUNAL CALIFICADOR.-

O Tribunal que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: O Alcalde ou persona en quen delegue

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS:

- Un concelleiro de cada grupo municipal designado polo seu voceiro.
- Un funcionario ou persoal laboral do Concello.-
- Un delegado de persoal do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza da maioría dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario.

O Tribunal poderá nomear asesores, con voz pero sen voto, sempre que se estimen necesarios para a adecuada calificación dalgunha proba.

O Tribunal actuará con suxección ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

8.- PROCEDIMIENTO DE SELECCION.

O Tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos xerais que figuran nas presentes bases.

Por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos e excluídos ó concurso, que se fixara no Taboleiro de anuncios do Concello de Ribadavia, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións subsanacións de erros ou aportación de documentación complementaria.

O cuarto día natural (ou ó posterior hábil seguinte para o caso de tratarse dun festivo), a contar dende que se puxo no taboleiro a lista de admitidos, reunirase o Tribunal para a valoración dos méritos e das probas, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos aspirantes que fosen declarados seleccionados.

O Tribunal formulará proposta de contratación en número que non exceda das prazas a cubrir sen prexuízo de que nas bases específicas se poida propoñer formar unha bolsa de traballo así coma o período de duración da mesma cos aspirantes non seleccionados.

9.- NOMEAMENTO E FORMALIZACION DE CONTRATOS.

A proposta do Tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Os contratos serán formalizados polo Sr. Alcalde.

ANEXO 1º

MODELO DE INSTANCIA

D/a.....
provisto/a de D.N.I. nº con enderezo na rua.....
nº piso..... C.Postal..... Localidade..... Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribadavia para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado de..... posto/s para.....

DECLARO:

- 1º.- Que conozo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso-oposición, e comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

Ribadavia, a..... de de 2006.

ANEXO II

DECLARACION RESPONSABLE.

D/a..... provisto de D.N.I. nº....., con enderezo na rúa..... núm.....
piso..... C.P..... Localidade..... Municipio.....Provincia..... Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo e que acreditarei fehacientemente se o Concello o require.

Ribadavia,..... de..... 2006".

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.